



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESIÓN ORDINARIA DO 6 DE XULLO DE 2017

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D. José Manuel Deán Pouso.

D. Antonio Romero Ribeiro.

D^a. Magdalena Pérez Millares

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **13:25 horas** do día **6 de xullo de 2017**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión ordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

1.1.- Licenza de obra. Expediente 45/2017.

1.2.- Licenza de obra. Expediente 66/2017.

1.3.- Licenza de obra. Expediente 140/2017.

1.4.- Licenza de obra. Expediente 142/2017.

1.5.- Declaración de innecesiedade de segregación. Expediente 138/2017.

1.6.- Comunicacions previas.

2.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

2.1.- Execución de sentenza. Procedemento abreviado nº 274/2016.

3.- ASUNTOS ECONÓMICOS.

4.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.



1. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ Finalizadas as obras debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ Prazo de execución: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.



11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: “*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*”

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

1.1) **LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 45/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D^a. K** solicitou en data 22/03/2017 (r.e. 1.754) licenza municipal para “**construción dunha piscina de 32 m²**” na parcela situada no lugar de Agra, 66 – Xuño, coa referencia catastral 8106926MH9280N0001ZF, segundo o proxecto de execución redactado polo arquitecto D. R** de data marzo de 2017 (visado COAG 1701534,2 de data 17/03/2017).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **45/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 08/05/2017 e o informe de Secretaría de data 04/07/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D^a. K** licenza municipal para “**construción dunha piscina de 32 m²**” na parcela situada no lugar de Agra, 66 – Xuño, coa referencia catastral 8106926MH9280N0001ZF, segundo o proxecto de execución redactado polo arquitecto D. R** de data marzo de 2017 (visado COAG 1701534,2 de data 17/03/2017), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo rústico de especial protección agraria.
- Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 32,00 m² (ocupación).
- Dirección facultativa:** non consta.
- Dirección de execución:** non consta.



e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
12.725,21 euros	2%	254,50 euros	Taxa pagada	38,75 €	247,56 euros
			Taxa definitiva	31,81 €	
			Liquidación	-6,94 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.2) **LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 66/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. J** solicitou en data 20/04/2017 (r.e. 2349) licenza municipal para **“construción dun galpón para apeiros agrícolas”** nunha parcela situada no lugar de Penas, 8 – Baroña, coa referencia catastral 000501400MH92F0001PX, segundo o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta D^a. M**, de data febreiro de 2017 (visado COAG 1702129,2 de data 12/04/2017).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **66/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 27/04/2017 e o informe de Secretaría de data 04/07/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. J** licenza municipal para **“construción dun galpón para apeiros agrícolas”** nunha parcela situada no lugar de Penas, 8 – Baroña, coa referencia catastral 000501400MH92F0001PX, segundo o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta D^a. M**, de data febreiro de 2017 (visado COAG 1702129,2 de data 12/04/2017), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:



- a) **Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo rústico de especial protección forestal.
- b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 4,50 metros (altura); 108,00 m2 (edificabilidade); 108,00 m2 (ocupación).
- c) **Dirección facultativa:** D^a. M^{**}.
- d) **Dirección de execución:** D^a. M^{**}.
- e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
17.836,00 euros	2%	356,72 euros	Taxa pagada	44,59 €	356,72 euros
			Taxa definitiva	44,59 €	
			Liquidación	00,00 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.3) **LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 140/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. J^{**} solicitou en data 26/06/2017 (r.e. 4.172) licenza municipal para **“reforma e ampliación de edificación para 4 apartamentos turísticos e local comercial. Fase 1: estrutura”** nunha parcela situada no lugar de Cruceiro, 7 A – Xuño, coa referencia catastral 7909103MH9270N0001RP, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. E^{**}, de data maio de 2017 (visado COAG 1703386,3 de data 14/06/2017).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 140/2017 e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 29/06/2017 e o informe de Secretaría de data 04/07/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.



ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. J** licenza municipal para “**reforma e ampliación de edificación para 4 apartamentos turísticos e local comercial. Fase 1: estrutura**” nunha parcela situada no lugar de Cruceiro, 7 A – Xuño, coa referencia catastral 7909103MH9270N0001RP, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. E**, de data maio de 2017 (visado COAG 1703386,3 de data 14/06/2017), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- a) **Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo de núcleo rural común. Grao 1.
- b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 5,95 metros (altura); 600,90 m2 (edificabilidade); 304,10 m2 (ocupación).
- c) **Dirección facultativa:** D. E**.
- d) **Dirección de execución:** D.C**.
- e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.
- f) **Outras condicións:**
 - Antes de iniciarse as obras deberá presentar o oficio de nomeamento de coordinador de seguridade e saúde da obra.
 - Unha vez rematada a obra, non poderá iniciar a actividade sen a presentación da comunicación previa de inicio de actividade, achegando memoria explicativa da actividade con manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos, segundo o previsto no art. 24.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
55.678,46 euros	2,7%	1.503,31 euros	Taxa pagada	278,40 €	1.503,31 euros
			Taxa definitiva	278,40 €	
			Liquidación	00,00 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.



1.4) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 142/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. J** solicitou en data 27/06/2017 (r.e. 4.218) licenza municipal para “**construción dunha vivenda unifamiliar**” nunha parcela situada no lugar de Tarrío, s/n – Queiruga, coa referencia catastral 15072A017027910000PL, segundo o proxecto básico redactado polo arquitecto D. J**, de data 15 de xuño de 2017.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **142/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 29/06/2017 e o informe de Secretaría de data 04/07/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. J** licenza municipal para “**construción dunha vivenda unifamiliar**” nunha parcela situada no lugar de Tarrío, s/n – Queiruga, coa referencia catastral 15072A017027910000PL, segundo o proxecto básico redactado polo arquitecto D. J**, de data 15 de xuño de 2017, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- a) **Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo de núcleo rural común. Grao 2.
- b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 7,37 metros (altura); 375,40 m2 (edificabilidade); 166,90 m2 (ocupación).
- c) **Dirección facultativa:** non consta.
- d) **Dirección de execución:** non consta.
- e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.
- f) **Outras condicións:**
 - No prazo máximo de 3 meses, a contar desde a notificación deste acordo, o promotor deberá presentar no concello o proxecto de execución e a documentación detallada no art. 43.3 do Anexo de tramitación de licenzas da Normativa do PXOM e declaración do técnico responsable de que este se corresponde co proxecto básico que obtivo licenza (art. 20 do Anexo de tramitación de licenzas). Sen o cumprimento desta condición non poderá comezarse a execución das obras.
 - Antes de iniciarse as obras deberá presentar os oficios de nomeamento de director de obra, director de execución e coordinador de seguridade e saúde da obra.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aceptar a cesión do solo da parcela situado fóra da aliñación marcada polo PXOM formalizada no documento administrativo de data 05/07/2017.



CUARTO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
131.511,01 euros	2,7%	3.550,78 euros	Taxa pagada	645,80 €	3.562,54 euros
			Taxa definitiva	657,56 €	
			Liquidación	11,76 €	

QUINTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

SEXTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.5) DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE SEGREGACIÓN. EXPEDIENTE 138/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Visto que D. B** solicitou en data 23/06/2017 (r.e. 4.131) licenza municipal para “**segregación dunha parcela**” situada no lugar de Telleira – Miñortos, coas referencias catastrais 001101700NH03F0001YG e 15072A001033340000PF, segundo o proxecto de redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. M**, de data 12 de xuño de 2017.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **138/2017** e tendo en conta que a solicitude ten por obxecto regularizar a situación da parcela, que está fisicamente dividida por unha vía pública desde fai máis de 28 anos, constituíndo cada unha das porcións de solo que a conforman parcelas catastrais independentes.

Considerando o establecido no art. 150.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo o cal será innecesario o outorgamento de licenza urbanística cando a división ou segregación de terreos sexa consecuencia de “*b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas*”, como acontece no presente suposto.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar a innecesariedade do outorgamento de licenza urbanística para a segregación da parcela coas referencias catastrais 001101700NH03F0001YG e 15072A001033340000PF, segundo o proxecto de redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. M**, de data 12 de xuño de 2017, axustándose ás condicións que se detallan a continuación:

- a) **Clasificación urbanística do solo:** solo de núcleo rural común. Grao 2.
- b) **Condicións das parcelas:**
 - Finca nº 1 (ref. catastral 15072A001033340000PF): superficie de 1.450,00 m2.



- Finca nº 2 (ref. catastral 001101700NH03F0001YG): superficie de 443,00 m2.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
Taxa pagada	227,16 €	0,00 euros
Taxa definitiva	227,16 €	
Liquidación	0,00 €	

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

1.6) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

1.6.1.- Expediente nº 15/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. F** o 07/02/2017 (r.e. 691) para realizar obras de “**muro de peche de contención**” da parcela situada en Zapatal – Xuño, coa referencia catastral 1507A039003670000PY.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.816,00 euros	2%	36,32 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.6.2.- Expediente nº 132/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**



PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 20/06/2017 (r.e. 3990) para realizar obras de “**construción de galpon**” na parcela situada en Campo de Prado, 94A- Nebra, coa referencia catastral 15072A02023740000M.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
4.348,03 euros	2%	86,96 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.6.3.- Expediente nº 133 /2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. T** o 21/06/2017 (r.e. 4048) para realizar obras de “**acometida a rede de subministración de auga**” da vivenda situada no lugar de Cans, 44 A- Nebra, coa referencia catastral 000402200NH03A001RH.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
250,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.



1.6.4.- Expediente nº 134/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. A** o 21/06/2017 (r.e. 4056) para realizar obras de “**cambio de tellado**” da vivenda situada situada no lugar de Caamaño, 1 – Caamaño, coa referencia catastral 7338601MH9273N0001HG.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.550,00 euros	2%	71,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.6.5.- Expediente nº 135/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. N** o 22/06/2017 (r.e. 4087) para realizar obras de “**cambio de carpintería exterior e revestimento de fachada**” da vivenda situada no lugar de Quintáns, 23- Nebra, coa referencia catastral 000801600NH03A0001BH.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
6.048,42 euros	2%	120,96 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.



CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.6.6.- Expediente nº 136/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 22/06/2017 (r.e 4100) para realizar obras de “**recubrimento con tella do país e construción de dous porches**” na vivenda situada no lugar de Escola, 4- Moucho – Xuño, coa referencia catastral 8405301MH9280N0001RF.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
10.800,00 euros	2%	216,00

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.6.7.- Expediente nº 137/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. Sr.** o 22/06/2017 (r.e 4108) para realizar obras de “**peche polo vento traseiro**” da parcela situada no lugar de A Telleira- Miñortos, coa referencia catastral 15072A001035920000PF.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.226,00 euros	2%	64,52 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a



correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.6.8.- Expediente nº 139/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 23/06/2017 (r.e. 4139) para realizar obras de “**construción dun galpón de 16 m²**” na parcela situada na rúa do Souto, 17- Miñortos, coa referencia catastral 000103900NH030000YB.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.500,00 euros	2%	50,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.6.9.- Expediente nº 141/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 26/06/2017 (r.e 4194) para realizar obras de “**reparación da cuberta**” da vivenda situada no lugar de Santa Lucía, 10- Queiruga, coa referencia catastral 8050404MH9284N0001PD.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.200,00 euros	2%	64,00 euros



TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

1.6.10.- Expediente nº 146/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. L** o 03/06/2017 (r.e 4348) para realizar obras de “**reparación do muro**” da parcela situada no lugar do Alto de Oliveira, 60- Freixedo, coa referencia catastral 4231202NH0343S0001SD.

A obra deberá axustarse estritamente ás condicións impostas na autorización da Axencia de Infraestruturas de Galicia do 27/07/2017.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.500,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

2.1) EXECUCIÓN DE SENTENZA. PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 274/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local do 21/01/2016 se resolveu o expediente de reposición da legalidade urbanística iniciado a D^a. S** pola execución dunha obra sen dispor de licenza urbanística e por resultar incompatibles co ordenamento urbanístico no lugar de Abuín, 65 (Baroña), ordenándolle que procedese á reposición da legalidade urbanística.



Visto que D^a. S^{**} interpuxo, en primeiro lugar, un recurso potestativo de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local o 21/03/2016 e, posteriormente, recurso contencioso administrativo contra a desestimación presunta do indicado recurso, que foi resolto por sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña de data 13/03/2017 recaída no procedemento abreviado nº 274/2016.

Visto que a sentenza do 13/13/2017 estima o recurso interposto e declara non conforme a dereito o acordo da Xunta de Goberno Local do 21/01/2016, e tendo en conta que a referida resolución xudicial indica que as obras executadas han de considerarse legalizables (“(...) *sin perjuicio de lo anterior, no cabe duda que sería mucho más estético la conservación y mantenimiento del muro, así como las escaleras con el material de mampostería como el primigenio en vez de la placa utilizada, pero ello no puede llevarse al extremo de no considerar legalizable la obra ejecutada*”).

Considerando que, anulado o acordo da Xunta de Goberno Local do 21/01/2016 e deixando dito a sentenza que as obras executadas han de considerarse legalizables, procede, de conformidade co previsto no art. 209.3 b) LOUG, aplicable en virtude do previsto na Disposición Transitoria 3^a da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común de las Administraciones Públicas (LPAC), requirir á persoa interesada para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Requirir a D^a. S^{**} para que no prazo de tres meses, a contar desde a notificación deste acordo, solicite licenza urbanística ou comunicación previa para a legalización das obras consistentes no chapado en pedra da entrada e das escaleiras da vivenda situada no lugar de Abuín, 65 (Baroña), que ten a referencia catastral 15072A010011350001AR.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.”

3. ASUNTOS ECONÓMICOS.

3.1) INFORME SOBRE APROBACIÓN DE GASTOS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 02/12/2010 polo que se aproba a factura nº 37413 (cód. T10018), emitida por Deportes Miguel Mayán, S.C., correspondente a un contrato de subministración de material deportivo por importe de 21.993,76 euros, IVE incluído, adxudicado directamente e sen procedemento de licitación.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

ÚNICO.- Solicitar á Intervención e Secretaría do concello a emisión de informes de valoración dos feitos relatados e das súas eventuais consecuencias xurídicas.



Os informes deberán emitirse no prazo máximo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao de comunicación deste acordo, conforme ao previsto no art. 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común de las Administracións Públicas.”

4. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EJERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **14:30 horas**, do día **6 de xullo de 2017**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García.